

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: EPA RIO LÉREZ

CURSO: EBI II

MATERIA: Ámbito da competencia matemática

DEPARTAMENTO: Ensinanzas básicas iniciais

DATA: 15 DE MAIO

ÍNDICE

0. **Introdución**
1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Introducción

Dada a situación de emerxencia sanitaria recollida no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, publicada no BOE número 67 do propio 14 de marzo e acorde ás Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa recóllese nas seguintes páxinas a correspondente adaptación da programación para que serva de orientación no vindeiro curso 2020-2021.

Tendo en conta as características integradoras e formativas das ensinanzas básicas iniciais inclúense algúns dos criterios de avaliación e estándares imprescindibles para que o alumnado do nivel poida continuar a súa formación en cursos posteriores. Séguense por tanto os criterios e estándares recollidos na orde do 20 de marzo de 2018 que regula a educación básica en Galicia así como algúns dos recollidos no decreto 105/2014 polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 3 DE 8	CENTRO: EPA RÍO LÉREZ CURSO:EBI I I MATERIA: ÁMBITO DA COMPETENCIA MATEMÁTICA
--	---------------	---

2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Ler, escribir e ordenar, utilizando razoamentos axeitados, distintos tipos de números (naturais, decimais, fraccións).	B1.1.1. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números, utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
B1.2. Operar cos números tendo en conta a xerarquía das operacións.	B1.2.1. Realiza mentalmente cálculos numéricos sinxelos utilizando a numeración e as operacións básicas estudadas. B1.2.2. Utiliza os recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver problemas de aprendizaxe e da vida cotiá
B1.3. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, axeitados ao seu nivel, valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados para a resolución de problemas	B1.3.1. Resolve problemas sinxelos da vida cotiá aplicando estratexias persoais de resolución e aplicando as operacións básicas estudadas
B2.1. Operar con diferentes medidas.	B2.1.1. Expresa con precisión medidas de lonxitude, masa, tempo, superficie, utilizando as unidades máis axeitadas á magnitude que se mide.
B2.3. Identificar e resolver problemas valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados para a resolución de problemas	B2.3.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema).
B2.4. Coñecer o sistema sesaxesimal para realizar cálculos con medidas angulares.	B2.4.1. Utiliza o sistema sesaxesimal para realizar cálculos con medidas angulares.
B3.1. Identificar e clasificar triángulos segundo os lados e os ángulos. Clasificar cuadriláteros.	B3.1.1. Emprega o razoamento matemático para clasificar as figuras xeométricas estudadas de acordo con criterios libremente elixidos e preestablecidos.
B1.1. Empregar a competencia dixital para resolver problemas matemáticos relacionados coa vida cotiá.	B1.1.1. Utiliza os recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver problemas de aprendizaxe e da vida cotiá.
B1.2. Comparar e ordenar números enteiros e identificar e representar números enteiros na recta enteira.	B1.2.1. Ordena números enteiros por comparación, representación na recta numérica e transformación duns noutros.
B1.3. Recoñecer situacións reais onde aparecen múltiplos e divisores.	B1.3.1. Resolve problemas aplicando operacións básicas con números decimais e enteiros. B1.3.4. Calcula o mínimo común múltiplo.
B2.1. Coñecer as unidades de medida de tempo, as súas relacións, e utilízalas para resolver problemas .	B2.1.1. Expresa con precisión medidas de superficie e tempo, usando os múltiplos e os divisores máis comúns e realizando conversións cando sexa necesario.

B3.1. Calcular perímetro e área de diferentes figuras.	B3.1.1. Calcula o perímetro e a superficie das formas estudadas. B3.1.2. Aplicación do cálculo de áreas e perímetros das figuras xeométricas estudadas á resolución de problemas tomados da vida cotiá.
B1.1. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	B1.1.1. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais), utilizando razoamentos apropiados.
B1.2. Aplicar o razoamento matemático e o proceso de pensamento científico para desenvolver a capacidade de identificar, formular e resolver situacións da realidade e retos académicos.	B1.2.1. Relaciona a linguaxe cotiá e a académica coa linguaxe matemática empregando fraccións, números mixtos, potencias
B1.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, facendo referencia implícita ás propiedades das operacións, en situacións de resolución de problemas.	B1.3.1. Realiza cálculos numéricos mediante diferentes procedementos: cálculo mental, tanteo, algoritmos, calculadora. B1.3.2. Calcula cadrados e cubos.

3. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Dentro dos procedementos de avaliación inclúese o traballo feito polos alumnos de xeito telemático na maioría dos casos e recollido en imaxes a través de correo e outros soportes dixitais como whatsapp dado en moitos casos a dificultade doutros tipos de conexión por parte do alumnado ou do propio profesor.</p> <p>Habida conta do cambio metodolóxico sobrevido a avaliación terá un carácter continuo e global, diagnóstico e formativo.</p> <p>Tamén se valora positivamente a disposición do alumno ou alumna por manter as rutinas de traballo e o hábito de estudo.</p> <p>Os instrumentos de avaliación son por tanto as propias actividades do alumnado así como a valoración da súa adquisición de competencias clave relacionadas cos contidos e a evolución do seu proceso madurativo tendo en conta os obxectivos, contidos e competencias do nivel.</p>
Cualificación final	<p>A cualificación final de curso resulta de ponderar o traballo realizado polo alumno nos trimestres que si foron presenciais ata o 13 de marzo así como o traballo realizado de xeito telemático na maioría dos casos. Se a situación sanitaria e a lexislación así o permiten cabe a inclusión de traballo en soporte físico.</p> <p>En todo caso tentarase non prexudicar ao alumando xa prexudicado polas dificultades derivadas do cambio de presencial a telemático.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Tendo en conta as características das ensinanzas básicas iniciais como ponte para formar ao alumnado e acceder a cursos superiores non se considera necesario realizar probas en setembro aínda que se recomenda o traballo durante o verán para reforzar e manter activas as competencias, procedementos e contidos adquiridos durante o curso.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Considerando as características arriba mencionadas das educacións básicas non se atopa alumnado con materia pendente aínda que si será preciso no caso de alumnos concretos reforzar a resolución de problemas, o traballo con fraccións e o cálculo do máximo común divisor.</p>

4. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Fichas con resolución de operacións cos catro algoritmos de +, -, x, e :</p> <p>Fichas para a resolución de problemas con varias operacións e cambios de unidades.</p> <p>Propostas didácticas con cambios de unidades.</p> <p>Fichas para a identificación dos elementos fundamentais das figuras xeométricas.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>As actividades arriba mencionadas son postas a disposición do alumnado con posibilidades de conectarse ben a través de ordenador ou noutros soportes como o móbil, engadindo dificultades a unha formación xa de por si complexa.</p> <p>Trata de seguirse unha metodoloxía centrada no alumno, que trata de elaborar as actividades en base ás súas necesidades cun itinerario de reforzo que serva para afianzar as aprendizaxes previas.</p>
Materiais e recursos	<p>Fichas e actividades en formato dixital compartidas cos alumnos a través de plataformas como moodle, ou o correo electrónico.</p>

5. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Os cambios incluídos na programación serán comunicados aos alumnos a través do grupo de aula e nos casos de alumnos sen conectividade dita información será transferida de xeito telefónico.
Publicidade	A presente modificación da programación farase publica na páxina web do centro.